

CULTURA DE BARRIO 2018

PLAN DE APOIO A ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS DE CARÁCTER CULTURAL

+INFO
www.coruna.gal/cultura
imce@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

 CORUÑA
PRÓXIMA

PLAN DE APOIO A ASOCIACIÓNS CULTURAIS E COLECTIVOS INFORMAIS DE CARÁCTER CULTURAL

CULTURA DE BARRIO 2018

Este texto é un resumo da convocatoria coñecida como Cultura de Barrio, e ten como obxectivo facilitar unha primeira toma de contacto coa mesma. Se formas parte dunha asociación cultural, ou dun grupo informal de carácter cultural, e queres presentarte a esta convocatoria, recomendámoste consultar o texto completo na páxina www.coruna.gal.

Un dos instrumentos máis importantes para garantir unha cidadanía crítica e implicada na súa contorna constitúeno as asociacións, neste caso, culturais.

A participación e creación colectiva de políticas públicas no eido do asociacionismo para a contribución da divulgación dos valores socioculturais da nosa cidade son, sen dúbida, unha das metas do actual equipo da Área de Culturas que, xunto á descentralización do seu programa cultural, ten a potenciación do desenvolvemento das actividades culturais no seu conxunto, como fin ineludible para alcanzar.

Co obxecto de optimizar os recursos dispoñibles, axudar á planificación dos diferentes axentes implicados, así como a desenvolver programas específicos ligados ao mundo do espectáculo e da cultura que poidan dinamizar a oferta da cidade neste eido, realízase a seguinte convocatoria de ideas e proxectos culturais para asociacións e colectivos informais de carácter cultural.

A | OBXECTO E FINALIDADE

É obxecto desta convocatoria conceder subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para financiar proxectos culturais na cidade no ano 2018.

Entenderase como proxecto cultural toda iniciativa ou proposta de actividade, relacionada coa exhibición, creación ou difusión cultural en calquera ámbito artístico. En cambio, non son obxecto da presente convocatoria proxectos que incidan no campo da acción social.

Non serán incluídos proxectos destinados unicamente a socios/as da propia asociación, nin actividades que non teñan un carácter aberto ao público xeral. As actividades deberán ser de carácter gratuíto.

O fin primordial da presente convocatoria é promocionar, de xeito coordinado co tecido asociativo da cidade, iniciativas e accións culturais que axuden a descentralizar a súa oferta cultural. Por tanto, será un requisito imprescindible para a súa inclusión no presente plan que se trate de accións culturais que apoiem o desenvolvemento comunitario dos seus diferentes barrios na cidade.

Os proxectos para incluír no programa denominado “Cultura de barrio” terán que ser realizados en espazos accesibles e públicos, e terán que ser obrigatoriamente difundidos (en calquera soporte dirixido á poboación en xeral que sexa empregado) nunha das dúas linguas oficiais, sendo preferente o galego.

Do mesmo xeito, deberán garantir un uso non sexista da linguaxe e da imaxe. O seu incumprimento dará lugar á exclusión do proxecto ou actividade do programa.

B | CRÉDITO ORZAMENTARIO

O importe global das subvencións desta convocatoria é de 100.000,00 €, que se imputan á aplicación 334/480.00 do Orzamento do IMCE de 2018.

C | LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN PARA CADA ACTIVIDADE OU PROXECTO

A contía máxima de cada proxecto é de 8.000,00 €, IVE incluído. Financiarase o 100% de cada proxecto que resulte beneficiario da subvención.

D | GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da subvención, nomeadamente os gastos de persoal, os gastos de profesionais, as subministracións e servizos efectuados por provedores, etc. En todo caso, debe acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que este está directamente relacionado coa actividade.

Só serán subvencionables gastos correntes que se fixeren no período de realización da actividade.

Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

E | REQUISITOS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE ENTIDADE BENEFICIARIA

Poderán ser beneficiarias as asociacións culturais sen ánimo de lucro que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC) e que presenten un proxecto, un programa ou unha actividade que se axustar ao obxecto da convocatoria, debidamente detallado e orzado.

De igual xeito, poderán ser incluídos na presente convocatoria colectivos de traxectoria contrastada e estable no tempo e que poidan demostrar unha actividade regular no eido da cultura na cidade, entendendo como tal que desenvolvesen, cando menos, un proxecto cultural anual no termo municipal nos últimos dous anos.



F | CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

Os criterios de valoración son os seguintes:

1. Valoración da entidade: ata 14 puntos. Terase en conta neste apartado o seguinte:

- 1.1. A estrutura participativa e metodoloxía da organización: ata 6 puntos.
- 1.2. O número de persoas asociadas: valorarase do seguinte xeito:
 - De 0 a 10 persoas asociadas: 2 puntos
 - De 11 a 25 persoas asociadas: 3 puntos
 - Mais de 25 persoas asociadas: 6 puntos
- 1.3. Representación equilibrada de homes e mulleres na composición da xunta directiva (ningún sexo representado menos do 40%): 2 puntos.

2. Valoración do proxecto: ata 35 puntos. Terase en conta neste apartado o seguinte:

- 2.1. Contido da proposta: grado de interese cultural e orixinalidade: ata 10 puntos.
- 2.2. Interacción coa comunidade, buscando a máxima implicación dela no desenvolvemento do programa: ata 8 puntos.
- 2.3. Presentación da proposta, valorando a documentación achegada que amplíe a información sobre os obxectivos, o desenvolvemento, a execución, os recursos, o cronograma, a metodoloxía, a avaliación, etc.: ata 6 puntos.
- 2.4. O número de persoas beneficiarias directamente: ponderarase do seguinte xeito:

A entidade que obteña maior número de persoas beneficiarias directas obterá 4 puntos, e as demais proporcionalmente de acordo coa seguinte fórmula:

$$P = 4 \times \frac{\text{núm. de persoas beneficiarias do proxecto obxecto da valoración}}{\text{núm. de persoas beneficiarias da entidade co maior núm. de persoas beneficiarias}}$$
- 2.5. Existencia dun plan de comunicación: ata 4 puntos.
- 2.6. Proxecto conxunto con outras asociacións:
 - Entre 2 asociacións ou entidades: 1 punto.
 - Entre 3 asociacións ou entidades: 2 puntos.
 - Entre 4 ou máis asociacións ou entidades: 3 puntos.

3. Outras consideracións: ata 20 puntos.

- 3.1 Emprego do galego no desenvolvemento do programa: ata 10 puntos.
- 3.2. Desenvolvemento de accións que promovan a igualdade de xénero: ata 5 puntos.
- 3.3. Desenvolvemento de accións que promovan a tolerancia e o recoñecemento da pluralidade cultural da nosa cidade: ata 5 puntos.

Para poder optar á subvención, é necesario obter un mínimo de 35 puntos sobre os 69 puntos posibles.

A subvención concederáse aos proxectos que obteñan maior puntuación, ata o importe máximo total da subvención, que ten un límite de 100.000,00 €.

G | RESOLUCIÓN

O prazo máximo de resolución e de notificación da concesión das subvencións é de dous meses, que contarán a partir do remate do prazo de presentación de solicitudes. O período utilizado para corrixir deficiencias, achegar documentos e reformular solicitudes interromperá o devandito prazo, ao abeiro do artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O vencemento do devandito prazo máximo sen notificar ou sen publicar a resolución lexítima as entidades interesadas para entenderen desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

H | OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei xeral de subvencións e no artigo 34 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, as entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria estarán obrigadas ao seguinte:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto ou realizar a/as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Empregar os fondos percibidos nos fins e na finalidade para os que foron outorgados.
- c) Xustificar debidamente a cantidade percibida.
- d) Comunicar por escrito e motivadamente calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos seus obxectivos, para a súa aprobación. Para o comunicar terán un prazo máximo dun mes desde a notificación/publicación da concesión da subvención.
- e) Establecer e, de ser o caso, manter as medidas de coordinación necesarias co IMCE para o correcto desenvolvemento do proxecto.
- f) Proporcionarlle ao IMCE a información funcional, económica e estatística que se lle requira para os efectos de seguir, avaliar e planificar, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.
- g) Facilitarlle a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade que é obxecto de subvención, a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis axeitados.
- h) Comunicarlle ao IMCE a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

j) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

k) A publicidade das actividades deberá realizarse nunha das dúas linguas oficiais, preferentemente en galego.

l) Deberá facerse mención expresa da colaboración do IMCE/Concello da Coruña en todo soporte de comunicación empregado.

m) As actividades que se propoñan no marco da presente convocatoria e que estén sometidas á Lei 9/2013 de decembro, do Emprendemento e da Competitivade de Galicia, requirirán, en función dos criterios establecidos na mesma, a comunicación previa ao Concello ou, no seu caso, a obtención dunha licenza municipal.

I | DISPOSICIÓNS FINAIS

A información ás entidades ou colectivos interesados.

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Sede electrónica do Concello de A Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>.

Publicidade das subvencións no Portal da Transparencia.

De conformidade co artigo 8.1. c) da Lei 9/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarias será obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello de A Coruña <http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-la-gestion/subvenciones-y-ayudas>.

